



15 de decembro de 2008

Curso 2008/09 nº 13

boletin@edu.xunta.es



BOLETÍN INFORMATIVO

Forum Orienta '09

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está organizando a terceira edición da mostra do ensino superior en Galicia, o *Forum Orienta'09*, que se celebrará en EXPOCoruña, A Coruña, do 11 ao 14

de febreiro, en colaboración coas tres universidades galegas e coa Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

[Máis información](#)



Webs recomendados


- [Sinalización das dependencias nos centros educativos en varios idiomas](#)
- [Documentos de uso habitual nos centros](#)
- [Secuencias didácticas hábitos saudables](#)
- [Concellos saudables](#)

Novas no buscador de centros

O buscador de centros educativos, do portal da Consellería de Educación, permite ver os programas aos que están acollidos os centros educativo, así

como o acceso á localización xeográfica.

[Acceso ao buscador](#)



Resolución da convocatoria de acceso ao corpo de catedráticos

No [DOG nº 239](#) do mércores 10 de decembro sae publicada a Orde do 5 de decembro de 2008 pola que se resolve o procedemento de acceso aos

corpos de catedráticos de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño convocado

por Orde do 10 de novembro de 2007.

Vacantes do concurso do corpo de mestres

No [DOG nº 242](#) do luns 15 de decembro sae publicada a Resolución do 9 de decembro de 2008 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria, pola que se anuncian os postos de traballo vacantes que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre


persoal funcionario docente do corpo de mestres, convocado pola Orde do 3 de decembro de 2008.

Modificación do orzamento para favorecer a aprendizaxe das linguas

No [DOG nº 242](#) do luns 15 de decembro sae publicada a Orde do 28 de novembro de 2008 pola que se modifica o orzamento total das axudas ao alumnado de centros docentes

sostidos con fondos públicos e para alumnado e profesorado de centros concertados da Comunidade Autónoma de Galicia que participen en estadias e intercambios con cen-

tros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas convocadas pola Orde do 7 de abril de 2008.



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

Recuperación de poboacións abandonadas

No [BOE nº 297](#) do mércores 10 de decembro sae publicada a Resolución do 25 de novembro, da Secretaría Xeral de Estado de Educación e Formación, pola que se convocan axudas para participar en acti-

vidades, a realizar durante o período lectivo do 2009, de recuperación e utilización educativas de poboacións abandonadas. Poderán participar grupos de 3º e 4º curso de ESO, bacharelato e formación

profesional. O prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria (BOE do 10 de decembro) remata o día 12 de xaneiro de 2008.

Profesores visitantes en Estados Unidos e Canadá

No marco das actividades internacionais para o profesorado e os acordos subscritos polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte convócanse prazas para profesores

visitantes en Estados Unidos e Canadá. O programa permítelles ás persoas participantes, mestres e licenciados, tanto se son funcionarios docentes coma se non, desenvol-

ver unha práctica docente nun país cun medio cultural e profesional diferente. A convocatoria do programa pode atoparse no BOE do 6 de decembro. [Acceso ao BOE](#)

Ampliación do prazo para xustificación de axudas para alumnado con NEE

No [DOG nº 240](#) do xoves 11 de decembro sae publicada a Orde do 5 de decembro de 2008 pola que se amplía o prazo de xustificación de gas-

tos correspondentes ao ano 2008 previsto na Orde do 19 de setembro de 2008 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados

para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais durante o curso escolar 2008-2009.

Programa ConCiencia

Información sobre os vindeiros actos do programa ConCiencia, que terán lugar ás 20:00 no Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia, na Carreira do Conde, nº 18, en Santiago. O martes 16 de

decembro, Gerardus 't Hooft, premio Nobel de Física 1999, ofrecerá unha conferencia pública co título: "O futuro da ciencia". O xoves 18 de decembro, Karl Barry Sharpless, premio Nobel de Química

2001, ditará unha conferencia pública co título: "Como atopar algo novo".

[Máis información](#)

Fundación Lucía para a SIDA

A fundación Lucía para a SIDA pediátrica presenta materiais divulgativos para explicarlles aos menores de 7 a 13 anos a infección por VIH. O material pódese usar para falarlles aos menores e ás familias das vías de transmisión,

da prevención, do tratamento na idade pediátrica e da loita contra o estigma social que acompaña as persoas que viven con esta infección.

[Máis información](#)



Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

Webs temáticos

Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



Mupegga
<http://www.edu.xunta.es/mupegga>



Linguas estranxeiras
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



Rede TIC de Centros
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic



Bibliotecas escolares
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[Lexislación de Bacharelato](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións innovación educativa](#)

[Medrando sans. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por que?. Prevención de accidentes infantís](#)

[Guía do sistema educativo galego \(10 idiomas\)](#)

[Guía de comunicación básica \(10 idiomas\)](#)

[Diccionario visual interactivo](#)

[Sinalización das dependencias nos centros educativos en varios idiomas](#)

[Documentos de uso habitual nos centros](#)